

A microtoponimia de Sálvora

Carlos Lixó Gómez

Universidade de Santiago de Compostela
carloslixogomez@gmail.com / carlos.lixo@usc.es

Recibido o 09/07/2015. Aceptado o 25/01/2016

Microtoponyms of Sálvora

Resumo

No verán de 2013 realizouse a recolleita da microtoponimia de Sálvora e do seu arquipélago, no marco do Proxecto Toponimia de Galicia. O feito de se tratar dun espazo insular que levaba despoboado case medio século dificultou o proceso, porén precisamente por esa excepcionalidade os resultados obtidos teñen un especial valor para as análises tanto filolóxicas como históricas.

O presente estudo ten dous bloques fundamentais, denominados *Metodoloxía* e *Análise da toponimia*. No primeiro deles explicamos como se realizou o traballo de recolleita, que criterios se adoptaron e que problemas se enfrontaron. No segundo examinamos a toponimia do interior de Sálvora, dos elementos mariños que a rodean e os xenéricos locais utilizados polos informantes. Esta análise achegou diversos datos para o coñecemento dos modelos pasados de poboamento e organización da illa, e de explotación e humanización do mar. A toponimia demostra unha vez máis ter interese máis aló do ámbito estritamente lingüístico.

Palabras chave

Lingüística, toponimia, microtoponimia, lectura histórica da paisaxe, Sálvora

Sumario

1. Introducción. 2. Metodoloxía da recolleita. 2.1. A revisión documental. 2.2. Os informantes e as entrevistas. 2.3. O tratamento dos datos. 3. Análise da toponimia. 3.1. A toponimia de Sálvora: ferramenta de lectura histórica da paisaxe. 3.2. Os topónimos mariños e as súas temáticas. 3.3. Os xenéricos locais. 4. Conclusións.

Abstract

In the summer of 2013 we collected the microtoponyms of Sálvora and its archipelago, within the framework of *Proxecto Toponimia de Galicia*. The fact it is an island depopulated for nearly half a century hampered the process, but precisely because of this exceptionality the results obtained have a special value for both philological and historical studies.

This study has two main parts, *Methodology* and *Analysis of toponyms*. The former explains how data collection was carried out, what criteria were adopted and what problems were faced. The second part examines inland toponyms of Sálvora, maritime toponyms of the surrounding area and local generic words used by informants. The study contributed data pertinent to the patterns of past settlement and organization of the island and the exploration and humanization of the sea. The interest of toponymy for issues beyond the strictly linguistic is reconfirmed.

Keywords

Linguistics, toponymy, microtoponymy, historical reading of landscapes, Sálvora

Contents

1. Introduction. 2. Methodology of datacollection. 2.1. Review of documentation. 2.2. The informants and the interviews. 2.3. The treatment of data. 3. Analysis of toponyms. 3.1. The toponyms of Sálvora: a tool for the historical interpretation of a landscape. 3.2. Maritime toponyms of the archipelago and their topics. 3.3. Local generic terms. 4. Conclusions.

1. INTRODUCCIÓN

Os microtopónimos¹ son aqueles nomes con que as comunidades humanas identificaron cada un dos pequenos elementos naturais ou artificiais constituíntes da súa xeografía cotiá. As pedras, os camiños, as leiras, as fontes, os montes, os cruceiros, os regueiros, os illotes ou os viñedos; todo aquilo que merecía ser nomeado para recoñecer e acoutar o espazo habitado recibiu unha denominación que o singularizou.

Xa na Idade Media contamos en Galiza con testemuños escritos en que a importancia da tenza da terra obrigaba a definir os límites con extrema precisión e polo tanto a establecer marcas e nomealas de tal xeito que ninguén puidese dubidar delas. Estas descrições, provenientes principalmente de herdanzas, transaccións ou preitos, achegan en ocasións unha información tan concreta e clara que permite recrear ao detalle a fisionomía da aldea medieval, abrindo a porta a un coñecemento valiosísimo do conxunto da sociedade da época. Así o estudaron os medievalistas Portela e Pallares (1998) no caso de Rabal e Bobadela, dúas *villae*, segundo o termo latino contemporáneo, amplamente documentadas nos séculos X e XI. Hoxe mantéñense como parroquias no concello ourensán de Celanova e continúan, por certo, cos seus límites case intactos un milenio despois.

Porén, a maior parte dos milleiros de nomes que cobren a xeografía nunca precisaron ser usados en preitos, nin en vendas, nin en ningún outro documento escrito de calquera tipo. O seu uso mantívose na oralidade, de xeración en xeración, reproducíndose a través dos séculos cunha exactitude sorprendente que só pode ser explicada pola profunda relación do ser humano coa natureza, por uns lazos da comunidade co medio natural cuxa intensidade é difícil de imaxinar no século XXI. A desaparición dos modos de vida tradicionais vinculados coa terra rompeu a transmisión xeracional deste coñecemento, e a modificación radical dos espazos (concentracións parcelarias, autoestradas, urbanización e outros fenómenos) está a facer desaparecer tamén as realidades que eran nomeadas. A día de hoxe só as persoas máis vellas manteñen nas súas memorias un saber que é efémero, até o punto de que cada unha que falece seguramente leve consigo microtopónimos centenarios que xa nunca poderán ser recuperados.

Estamos entón nun momento en que se fai imprescindible un traballo inmediato e decidido de recolleita e posta en valor dun patrimonio lingüístico e cultural de enorme riqueza e calidade e, no caso galego, tamén de inxentes proporcións. A nosa particular ocupación do territorio, cun poboamento disperso e unha explotación agrícola intensiva sobre unha xeografía irregular, deu lugar a unha inxente cantidade de topónimos, que aparecen cunha densidade moito maior que a do Estado español.

O *Proxecto Toponimia de Galicia (PTG)* creouse no ano 2000 como plan de recuperación, estudo e posta en valor da microtoponimia. Baséase nun método de enquisas orais con que recoller todos os nomes aínda vivos na fala, para os introducir despois nunha base de datos global e finalmente, após fixar unha forma normalizada, implantalos nun soporte cartográfico e, sobre todo, difundilos nas comunidades que os crearon e os usaron.

A pesar das dificultades e de que aínda resta traballo por facer, son numerosas as parroquias e mesmo os concellos que na súa totalidade xa foron obxecto de estudo. Cando comezamos a recolleita na Illa de Sálvora² este era o único espazo do concello de Ribeira que ficaba sen investigar³. Non é estraño que isto fose así, pois as características da illa para un proxecto coma este

¹ Optamos por este termo, consagrado polo uso e pola súa utilidade efectiva na praxe dos estudos toponímicos, aínda existindo outras opcións posibles como é o caso de “toponimia menor”.

² O traballo de recolleita da microtoponimia de Sálvora realizouse durante os meses de agosto, setembro e outubro de 2013 no marco do Proxecto Toponimia de Galicia, coa coordinación do filólogo Vicente Feijoo Ares. Contou cunha bolsa ofertada polo Instituto da Lingua Galega e financiada pola Mancomunidade Arousa Norte. Púidose optar á mesma após a realización do curso “Toponimia: interpretación e actuación”, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección de Ana Isabel Boullón Agrelo e con Gonzalo Hermo na secretaría. Agradecemoslle a todos eles o seu apoio, así como aos correctores anónimos do presente traballo, ao Consello de Redacción de Estudos de Lingüística Galega, aos gardas do parque das Illas Atlánticas e a todas as persoas que nos axudaron dunha maneira ou outra. Dámoslle as grazas por riba de todo aos e ás informantes, pois sen eles o traballo non sería posible.

³ Nalgunha das parroquias a recolleita non se fixo de maneira totalmente exhaustiva, polo que sería desexábel que se revisase e completase.

son notabelmente diferentes ás da maioría de territorios estudados en Galiza e presentan problemas de difícil solución. Talvez a particularidade máis decisiva sexa que se trata dun espazo que no momento de realización do estudo levaba deshabitado máis de catro décadas. Durante ese tempo o acceso á illa estivo restrinxido e a maioría dos seus antigos poboadores nunca tivo a oportunidade de visitar as que foran as súas casas desde que se viron obrigados a abandonalas ao longo da década dos cincuenta e dos sesenta.

A segunda peculiaridade é que o poboamento en Sálvora non foi estábel e ininterrompido desde a Idade Media, etapa na cal se fixaron a maior parte dos topónimos, senón que tivo múltiples propietarios, períodos de despoboamento e diferentes modelos de explotación. Os últimos habitantes descendían de familias de San Paio de Carreira que no século XIX se asentaron alí como usufrutuarías, nunca como propietarias, e que formaron unha única aldea desde a que traballaban os 2,5 km cadrados de territorio insular. A formación e consolidación dos topónimos de ningunha maneira puido seguir, nestas circunstancias, unha evolución semellante á do groso do territorio galego. A realidade da illa contrasta co mar que a rodea, enormemente produtivo e intensamente explotado e humanizado polos mariñeiros de baixura, obrigados a coñecer con detalle cada un dos accidentes marítimos que agochan os bancos de pesca ou ameazan a navegación. Pódese dicir que o mar foi, no caso de Sálvora, máis habitado que a terra.

Ora ben, todo isto non supón só dificultades na investigación, senón que asegura tamén que a información lograda teña un especial interese pola súa excepcionalidade. Ao longo deste artigo veremos como foi o proceso de recolleita, que resultados deu, e como nos poden axudar estes a avanzar no estudo do territorio, a historia e a lingua.

2. METODOLOXÍA DA RECOLLEITA

2.1. A revisión documental

Para o proceso de recolleita seguimos a metodoloxía proposta por López Boullón *et al.* (2007), polo que o primeiro paso foi a revisión de parte da documentación toponímica existente na topografía, nas publicacións específicas e en xeral en calquera obra escrita de interese. Non pretendemos facer unha recompilación e análise de toda canta produción escrita ao longo da historia puidese facer referencia a Sálvora; un labor desa envergadura sería digno dunha investigación de maiores dimensións que sen dúbidas achegaría resultados do máis interesantes. Porén non é ese o obxectivo do presente traballo. A nosa intención neste apartado é resumir cal pode ser a imaxe xeral que un suxeito tería se o seu contacto coa toponimia da illa se limitase á unha ollada á documentación máis accesíbel ao seu dispor.

Comezamos en primeiro lugar comprobando o *Nomenclátor*, onde aparecen rexistrados os nomes das entidades de poboación, e encontramos unicamente *Sálvora*, en referencia á súa aldea como núcleo actualmente deshabitado. *Sálvora* é un topónimo moi consolidado e que conta cunha longa tradición escrita, iniciada no século IX, como se comproba nun documento de 899 asinado polo rei Afonso III (Lucas Álvarez 1998: 73) onde se nomea a *insulam Saluare* e a igrexa alí fundada. Ao longo da Idade Media e Moderna mantívose constante, aparecendo por exemplo como *Salva* en 1318, *Salma* en 1380 e *Saluaro* en 1435 (Roselló i Verguer 2010: 30). Pola súa banda, as fontes árabes adoitaban citala como *Salicora* (Fernández Pazos 1998: 16). Non se sabe a súa orixe certa, mais non hai dúbida da persistencia e relevancia do topónimo, tamén en época moderna, como vemos por exemplo nos mapas de Pedro Teixeira (1634, *Isla de Salvre*) e Tomás López (1784, *Isla de Salvora*) entre moitos outros.

No rexistro do catastro a información é un pouco máis abundante, recollendo arredor dunha ducia de nomes dos accidentes xeográficos máis destacados da illa e case outros tantos dos illotes e pedras que completan o arquipélago. Boa parte das referencias aparecen con erros, como **Gralleiros* por *As Gralleiras* ou **Besuqueiros* por *Besugueiros*, e outras non foron nomeadas nin recoñecidas por ningunha das persoas informantes, caso de *Volta de Roque*, *Cova de Salvareiros* ou *Brisán*⁴.

⁴ Sobre este topónimo volveremos no apartado 3.2.

Algo semellante ocorre coa topografía. Consultamos o *Mapa Topográfico Nacional de España* (1:25.000) elaborado polo Instituto Geográfico Nacional, concretamente os 151-IV Ribeira, 151-III Corrubedo e 184-II O Grove. Aparecen moitas novas referencias de grande utilidade nunha primeira fase de familiarización co territorio. No entanto, continúan figurando erros, **Cova de Balde* por *Candabade* ou **Illa Cornella* por *As Cornudas*, e mesmo castelanismos, **Illote Cabeceiro Chico* por *O Cabaceiro Pequeno* ou *de Terra*. Ademais non se manteñen os xenéricos locais dos elementos que o mapa denomina e homoxenézanse por exemplo as *pedras*, os *conles*, os *petóns* e os *eiteiros* cos termos *illa* e *illote*. Nestes planos repítense practicamente os mesmos nomes e os mesmos erros que no catastro, o que evidencia a retroalimentación entre as fontes.

Nesta mesma liña, tamén foron de interese as cartas náuticas. Non obstante sofren a limitación de repetiren os seus datos edición tras edición sen correccións, perpetuando así deturpacións e erros en maior cantidade que os mapas do IGE. Ao revisarmos a carta náutica da Ría de Arousa de 1910 achamos non só exactamente as mesmas denominacións que nas cartas náuticas posteriores consultadas, senón boa parte dos erros que posteriormente serían reproducidos polos nomeados mapas estatais. A carta náutica de 1909 do S. W. da Ría de Arousa, dunha escala maior, tamén contén erros e castelaniza boa parte dos topónimos, porén recolle unha cantidade considerábel de pequenos accidentes, o cal lle suma un maior interese. Estes planos parecen ser a fonte de que se nutiron boa parte das informacións posteriores.

Por outra banda, máis aló das representacións gráficas, tamén consultamos publicacións, entre as que destacamos a obra de Rodríguez Rodríguez (1976), que ordena alfabeticamente os topónimos mariños da Ría de Arousa (ou hidrotopónimos se seguimos a denominación utilizada no libro) e explica con precisión onde se sitúan, indicando as coordenadas. Moitos dos nomes aparecen castelanizados e tamén se reproducen erros, porén respecta en certa medida a dialectoloxía e os xenéricos locais e serve como elemento comparativo e de referencia. No mapa que inclúe son relativamente poucos os nomes que aparecen representados e manteñen os erros habituais.

Por último é de grande utilidade a visión de imaxes aéreas en diversos formatos, especialmente para paliar as dificultades na accesibilidade. O Instituto de Estudios do Territorio ofrece recursos interesantes, do mesmo xeito que o Visor Sixpac da Xunta de Galicia. O propio Google Earth é unha ferramenta nada desprezábel. Estes elementos complementan as fotografías aéreas proporcionadas polo SITGA, do ano 1999-2000 a escala 1:20.000. As imaxes foron clave para a situación dos topónimos, mais os citados recursos electrónicos axudaron a corrixir certas limitacións, como é o caso das variacións nas mareas.

O que vemos en conxunto é que tamén nas fontes escritas o estudo da illa de Sálvora ten as súas particularidades. Mentres que nos documentos catastrais e administrativos só aparece o nome da illa e non hai información ningunha sobre o interior desta, nos mapas e nas cartas náuticas recóllense numerosos topónimos mariños, aínda que en moitos casos deturpados ou mal situados. Ademais, a maioría dos elementos recolleitos son aqueles que inflúen de xeito directo na navegación, como puntas, praias, illas e as pedras máis importantes, obviándose totalmente outros topónimos como os que nomean baixos ou bancos de pesca, aspecto que xa fixo notar Martínez Baleirón (2007: 380). O recomendábel é sermos cautelosos en canto á información que nos ofertan as fontes escritas, sen deixar de utilizalas e de aproveitar todo canto poidamos delas.

2.2. Os informantes e as entrevistas

Unha vez finalizado o traballo inicial de documentación (á que se volveu repetidas veces ao longo da recolleita) comezouse coa busca de informantes e coa realización das entrevistas. Fíxronse algunhas visitas previas a Sálvora para explorar o territorio, nalgunha ocasión coa guía dos gardas do parque nacional ou do fareiro, e volveuse á illa tamén en momentos puntuais a medida que avanzaba o proceso.

A estratexia para encontrar os informantes foi certamente intuitiva. O feito de que o investigador sexa nativo da zona e teña alí familiares e amigos facilitoulle o achegamento inicial a algunhas persoas, e logo foron eses primeiros entrevistados os que localizaron e o acompañaron a

coñecer aqueles outros que puidesen dar unha información máis precisa. Este contacto mediante intermediarios contribuíu a desconfianza natural da xente ante o descoñecemento do fin do noso traballo e mesmo a provocar certa implicación e interese.

Para a recolleita do espazo marítimo buscamos mariñeiros que traballasen na baixura, coñecesen ben o territorio e tivesen unha idade avanzada e escasa formación académica. Porén, os que mellor cumprían esas características e traballaran de xeito plenamente tradicional nin eran quen de se desenvolveren cos mapas con soltura, nin estaban en condicións físicas nin ánimo de embarcaren. Malia todo, finalmente conseguimos encontrar un informante adecuado e disposto a realizar unha enquisa móbil, un mariñeiro de baixura de 72 anos, natural de Carreira e residente en Aguiño, cunha boa e firme memoria e que traballara sempre na zona, especialmente arredor de Sagres. Realizámola con outros dous pescadores, un de Castiñeiras e outro de Ribeira, para contrastar as informacións, e o resultado foi moi satisfactorio.

O resto das entrevistas foron estáticas e puidéronse executar coa axuda de mariñeiros máis novos que axudaban a situar no mapa os nomes que os vellos proporcionaban. Logo contrastábanse cos resultados da enquisa móbil, cos datos recolleitos da documentación e coas outras enquisas. Esforzámonos por dar con informantes das tres parroquias meridionais do concello (Carreira, Castiñeiras e Aguiño) para detectar posíbeis variacións de interese. Nesta liña, para un futuro estudo máis completo, sería de grande interese contactar pescadores do outro lado da ría, especialmente da área de Cambados pola súa vinculación con Sálvora.

Ademais dos pescadores, foron de enorme utilidade as entrevistas con percebeiros de Aguiño. Tal como xa apuntaron Vilar e Rodríguez (2006: 45), mentres os mariñeiros coñecen o perfil costeiro dun xeito máis amplo e identifican con precisión o fondo do mar, os mariscadores de a pé son máis precisos á hora de nomearen pequenos detalles. Por iso, a maiores de contrastaren os datos dos pescadores, os percebeiros coñecían a maior parte dos nomes da pedregosa costa de Sálvora, que a aqueles se lles escapaban. Por outra banda, ao se tratar en boa medida de xente nova, traballan con facilidade cos mapas, porén sen esqueceren a toponimia tradicional, ao ser o coñecemento detallado das pedras un pilar fundamental na súa profesión. Tanto é así que, nun caso, ao seren descendentes dunha informante nativa de Sálvora de avanzada idade e con problemas de mobilidade, foron os netos percebeiros os que axudaron a situar boa parte dos topónimos que ela nomeaba grazas aos seus coñecementos dos nomes do litoral da illa e dunha boa interpretación da fotografía aérea.

Sen dúbida, o máis difícil da pescuda foi o interior da illa. Aínda que oficialmente a aldea ficou deshabitada na década dos setenta, a maior parte dos nativos e as nativas marcharon ao longo dos cincuenta e comezos dos sesenta, especialmente desde o ano 1958 en que o réxime franquista renunciou á titularidade de Sálvora en favor da casa nobiliaria de Goiáns. Unha das condicións da operación era o mantemento da condición de colonos que os habitantes da aldea tiñan cando esta era de propiedade estatal; porén, no momento en que o novo propietario recibiu a illa comezou un plan de explotación agrícola pola súa propia conta, do cal aínda dan testemuño material un oxidado tractor e algunha construción de cemento sen rematar. Ao flamante terratenente, para desenvolver o seu proxecto, conviñalle que os antigos poboadores marchasen por si mesmos, pois quen abandonaba a illa perdía os seus dereitos de semi-propiedade, e se alguén novo desexaba instalarse alí debía facelo aceptando as novas condicións que se lle propuxesen (Fernández Pazos 1998: 41). Por isto, o relato dos nativos coincide en recordar que “os botaron” da casa e rememora con amargura as estratexias que o señor de Goiáns utilizou para forzalos a se iren, entre elas a solta de cabalos e cervos que dificultaban os labores agrarios.

Proba disto é que algunhas das persoas que se nos recomendou que localizásemos como habitantes de Sálvora resultaron ser xornaleiras que vivían en terra e ían traballar á illa intermitentemente, desde 1958, ocupando durante períodos curtos as casas dos colonos que se foran. Unha delas, natural da parroquia interior de Oleiros, recorda que traballou alí semanas alternas nos períodos 1958-1962 e 1970-1973. Aínda que as datas é o que máis adoita esvaecerse e confundirse nos relatos orais, a súa cronoloxía encaixa e parece que confirma a narración dos colonos. O coñecemento dos nomes dos espazos da illa desta informante foi, certamente, case nulo.

Tiñamos entón que encontrar xente que vivira en Sálvora con anterioridade a 1958. Tendo en conta ademais que as últimas persoas en abandonar a illa eran as de maior idade, hoxe falecidas, e que os novos (os vellos de hoxe) marcharan antes coa intención de casaren e formaren vida en terra, foi custoso encontrar informantes cunha boa memoria da vida alí. Da máis de media ducia de nativos que localizamos, tres foron os que nos proporcionaron a maior parte dos topónimos. Trátase de dúas mulleres de 84 e 87 anos, coas que realizamos entrevistas estáticas, e un home de 74 que foi dos últimos en abandonar a illa e que, ademais, nos acompañou a ela. O percorrido por Sálvora foinos de grande axuda, malia que o abandono por décadas mudou substancialmente o aspecto do territorio. Cando el o deixou estaba organizado e cultivado e agora é monte e matogueiras.

En suma, para completar o traballo realizáronse dúas entrevistas móbiles, unha en barco arredor do arquipélago e outra a pé polo interior de Sálvora. O resto foron estáticas e, a grandes trazos, poderíanse diferenciar entre as feitas a mariñeiros, a percebeiros e a nativas da illa. Recolléronse máis de 300 topónimos, dos cales arredor de 250 son elementos mariños e só 50 elementos terrestres.

2.3. O tratamento dos datos

Para o tratamento o proceso constou de dúas fases. A primeira consistiu en transcribir os topónimos foneticamente nun caderno, outorgándolle a cada un deles un número co que se sinalaría na fotografía aérea o espazo que nomeaba. A segunda fase foi o baldeirado do material do caderno e dos mapas nun ficheiro dixital en que se recollen os seguintes datos: *número do topónimo*, *número de foto* en que se sitúa, *central* en que se sitúa, *concello* (neste caso sempre Ribeira), *parroquia* (Aguíño), *aldea* (ou *A Aldea*, ou ningunha), *topónimo* (adaptado á normativa ILG-RAG), *fonética*, *topónimo 2* (no caso de se recolleren dous nomes para un mesmo elemento), *fonética 2* (no caso de un mesmo topónimo se recoller con pronunciacións lixeiramente diferentes), *tipoloxía*, *grupo de informantes* principais que o proporcionaron e *comentarios*.

En canto á tipoloxía, na ficha tentamos adaptar os elementos nomeados á lista estandarizada proporcionada polo PTG, para facilitar a catalogación dos topónimos achegados na súa base de datos a nivel galego. Esta lista organiza os topónimos en sete grandes grupos segundo as realidades que nomean:

- Entidades humanas: *A Aldea (de Sálvora)*.
- Accidentes terrestres: *O Milreu, A Valgada de Candabade*.
- Augas: *A Poza da Zafra, A Fonte da Telleira*.
- Accidentes costeiros: *A Insua Bela, Mar de Pateiros*.
- Terras: *As Leiras do Curro, O Pinal da Cova*.
- Vías: *O Camiño do Faro, O Camiño de Vixán de Baixo*.

Aínda que recollemos topónimos de todos os grupos, a maior parte son accidentes costeiros. Moitos deles son coñecidos por un xenérico local concreto, que recollemos no caderno, porén na ficha adaptáronse á proposta do PTG e catalogáronse na súa maior parte como *illotes* ou *pedras*. Por outra banda, para minimizarmos as posibilidades de confusión, os distintos tipos de topónimos situáronse na foto aérea utilizando diferentes símbolos.

En relación á fonética, a transcripción faise utilizando unha serie de convencións que permitan rexistrar o máis fielmente posíbel a fala espontánea dos informantes, recollendo todos os trazos particulares do ámbito dialectal. Representábase entón as vogais abertas, [*pEdra vElla, as mOs de vionta*], o seseo e a gheada [*a sentoleira, o ghalo da bicha*], a fonética sintáctica [*o eiteiro da'scala*] e mesmo os castelanismos [*o castillo, o lavadEro*]. O reducido da área da cal proveñen os informantes fai que na recolleita non se perciba ningunha diferenza dialectal que afecte aos topónimos, agás quizais a despalatalización do <x> nalgúns dos informantes. Neste caso, á hora de escribirmos o topónimo no estándar escrito, se algún deles pronunciaba o “x palatal” e outro un “s despalatalizado”, entendemos que probablemente sexa causa deste fenómeno e optamos

por recoller a forma palatal [*sunqueira / xunqueira*] > *Xunqueira*. A gheada non a representamos graficamente, como non se fai na norma oficial, e o seseo, naqueles termos en que é evidente, tampouco [*a posa da safra*] > *A Poza da Zafra*. Porén, noutros casos nos cales é máis dubidoso que se trate de seseo, mantemos o <s> na grafía [*o laghuso*] > *O Laguso*. Nos casos en que hai algunha outra variación fonética, rexistramos todas as opcións e escollemos para normativizar ou ben a máis amplamente estendida [*o billOte / o bellOte*] > *O Billote* ou ben, se as dúas son igualmente utilizadas, a máis transparente [*a telleira / a tilleira*] > *A Telleira*. Cando se recollan dous topónimos diferentes para o mesmo elemento mantéñense ambos, como é o caso da *In-sua dos Caldeiros* ou *dos Cativos*, que son igualmente válidos.

A norma habitual en canto ao artigo é incluílo na forma estándar en todos aqueles casos en que se rexistre na lingua oral acompañando o topónimo. No entanto, ás veces pode haber excepcións. Algúns autores, entre eles Marqués Valea (2003), propoñen que non se poña o artigo cando concorra cun nome xenérico acompañado de complemento preposicional. Segundo eles, ao escribirmos por exemplo *O Camiño do Faro*, estamos dando a entender que xa non existe tal camiño e que ese nome sobreviviu denominando outra realidade; para falarmos dun camiño aínda funcional deberíamos optar por *camiño do Faro*.

Coincidimos no esencial con esa proposta, mais no proceso de recolleita atopamos unha con-traindicación: algúns dos topónimos con xenérico e complemento preposicional na fala oral non se usan con artigo. Isto é, atopamos ao mesmo tempo [*tErra de lontreiros*] e [*o cOnle de suafonte*], sendo tanto *terra* como *conle* xenéricos locais. Rexistrando os dous casos sen artigo, *terra de Lontreiros* e *conle de Suafonte*, estaríamos dando a entender que na oralidade *terra de Lontreiros* leva artigo igual que *conle de Suafonte*, obviando así unha diferenza que os falantes nunca elidirían. É certo que a opción que fica, que é manter o artigo en todos os casos nos que apareza sen excepción ningunha, impídenos nunha primeira lectura saber se topónimos como *As Leiras do Curro* continúan a ser leiras ou dan nome a outra cousa. Porén, na ficha de topónimos o apartado de *tipoloxía* de que falamos anteriormente soluciona esta disxuntiva indicando a que clase de elemento dan nome, o que permite comprobar se polo tanto manteñen un xenérico en uso ou fofoloxía no topónimo. Ademais, debido ao estado de abandono da illa, a determinación da morfología do topónimo a partir do estado actual da realidade nomeada traería algúns problemas, ao atoparmos *Leiras* que se refiren a antigas leiras que agora son monte, aínda que continúan valadas, ou topónimos *Camiño* que aluden a camiños comestos total ou parcialmente pola maleza. En tales situacións é realmente arriscado determinar até que punto o xenérico estaría fixado no topónimo ou non. Deste xeito, e seguindo os consellos do noso supervisor na recolleita, Feijoo Ares, optamos pola segunda opción e mantivemos en toda circunstancia o artigo vivo na oralidade.

3. ANÁLISE DA TOPONIMIA

3.1. A toponimia de Sálvora: ferramenta de lectura histórica da paisaxe

Do punto de vista da formación dos topónimos e a súa relación cos xenéricos aparecen diferentes posibilidades. Martínez Baleirón (2007: 383) no seu traballo sobre a costa continental do concello de Ribeira sintetizaas nas seguintes categorías, que exemplificamos con topónimos recolleitos no noso traballo:

- Sen presenza do xenérico:
 - Denominacións plenas, (art.) + subs. + (adx. / fr. prep.): *A Mansa, Os Carapiteles, Torán, O Porco de Sagres, Piollosa*.
- Con presenza do xenérico:
 - Denominacións plenas, (art.) + subs. + (adx. / fr. prep.): *A Area dos Bois, Pedra Vella, A Insua do Bandil, O Eiteiro Vermello*.
 - Elipse do xenérico, art. + fr. prep.: *A de Cordas* (casa), *A de Caneda* (leira), *A de Arcos* (baixío).

- Nomes creados a partir doutro topónimo, (art.) + subs. + fr. prep.: *As Barqueiras do Carreiro Ancho, Os Campos de Lagos, A Insua do Carreiro da Galera, Os Petóns dos Destos*.
- Topónimos referenciais: *As Touzas de Leste da Pagal, Debaixo do Muíño, A Queixa-da de Terra / do Medio / de Fóra⁵, A Praia do Norte*.

Aínda que haxa algúns topónimos que presenten dificultades para se encadraren nunha soa das categorías (*Onde Embisteu o Pialla, Sunoro, Por Onde Non Pasou Dios, O Conle de Suafonte*), a clasificación seméllanos, a grandes trazos, utilitaria. Malia todo, esta listaxe podería parecer talvez irrelevante se non fose porque, ao nos determos sobre a relación de topónimos elaborada, unha enorme parte destes inclúese dentro das dúas últimas categorías: topónimos referenciais ou creados a partir doutros topónimos. Nos nomes do mar, dos cales falaremos despois, ao seren usados na súa maioría como marcas de traballo, non é sorprendente esta constatación. Mais si o é no caso dos topónimos interiores da illa, xa que en terra os topónimos referenciais ou creados a partir doutros topónimos adoitan ser puntuais e non hexemónicos.

Os nomes que se conservan do espazo terrestre de Sálvora traducen de xeito transparente as sinxelas instalacións e espazos en que os colonos dividían o territorio. Ollemos como uns poucos deles, que definen as máis das veces zonas amplas de difícil delimitación que adoitan incluír ao mesmo tempo un espazo mixto costeiro e interior, acaban por denominar a maior parte dos elementos da illa:

- **A Perna do Prado:** *A Punta da Perna do Prado, A Praia da Perna do Prado, O Muíño da Perna do Prado, O Canal da Perna do Prado, As Brañas da Perna do Prado, O Conle da Perna do Prado, O Camiño da Perna do Prado*.
- **A Cova:** *A Touza da Cova, O Porto da Cova, A Punta da Cova, As Leiras da Cova de Dentro, As Leiras da Cova de Fóra, O Pinal da Cova, O Camiño da Cova, O Eiteiro da Cova*.
- **A Telleira:** *A Fonte da Telleira, A Cancela da Telleira, O Campo da Telleira, O Muíño da Telleira⁶, Debaixo do Muíño, A Praia de Debaixo do Muíño ou de Isemuíño*.
- **Candabade:** *O Muíño de Candabade, A Valgada de Candabade, As Leiras de Candabade de Baixo, As Leiras de Candabade de Riba*.
- **A Zafra:** *A Punta da Zafra, A Praia da Zafra, O Conle da Zafra, O Regueiro da Zafra, A Poza da Zafra, As Leiras da Zafra*.
- **O Curro:** *As Leiras do Curro, A Punta do Curro, A Canteira do Curro*.
- **A Area dos Bois:** *O Camiño da Area dos Bois, A Punta da Area dos Bois, O Conle da Area dos Bois*.
- **Lagos:** *A Punta de Lagos, O Petón de Lagos, Os Campos de Lagos*.
- **O Faro:** *O Camiño do Faro, O Faro Vello, Debaixo do Faro*.

A Cova e *Candabade* son enseadas, *A Perna do Prado* é unha liña de costa pedregosa e *A Area dos Bois* e *Lagos* son praias. Malia non todos responderen ao mesmo patrón (por exemplo *A Telleira* e *O Faro* son construcións e *O Curro* é un monte), a maioría destes nomes teñen a súa orixe no litoral costeiro da illa. Unha vez convertidos en elementos referenciais, superan o seu marco e pasan a dar nome a un ámbito ampliado cara ao interior e aos elementos que se atopan nese espazo. Tal xeito de nomear a realidade habitada, tan diferente do que os ascendentes dos habitantes da illa aplicaron en terra, demostra unha vez máis o interesante que é a toponimia e o útil que resulta como instrumento para a lectura histórica da paisaxe.

Especialmente desde os anos 80, as investigacións francesas (Martinelli 1982) tenden a interpretar "la toponimia, y especialmente la microtoponimia, como un sistema de representación más que como un reflejo directo de la realidad, analizando cómo se lleva a cabo su organización,

⁵ Martínez Baleirón (2007: 83) considera que os topónimos seguidos de *de Terra / de Fóra* son denominacións plenas, porén a nós parécenos máis adecuado catalogalos como referenciais xa que indican a posición do elemento ao que acompañan con respecto á costa.

⁶ É o segundo topónimo do *Muíño da Perna do Prado*. Estas dúas áreas son ás veces coincidentes, porque *A Fonte da Telleira*, hoxe rebautizada como *Fuente de Santa Catalina*, está á altura da liña de costa que chaman *A Perna do Prado*.

su fosilización y su transmisión, que no es posible más que cuando el topónimo sigue siendo utilizado" (Fernández Mier 2006: 38). É dicir, a toponimia non é só un instrumento para atopar xacementos arqueolóxicos ou para outros fins auxiliares, é un feito social en si mesmo. É un reflexo da concepción que se ten dun determinado espazo, e polo tanto pódenos achegar información sobre os lugares de explotación agrícola, gandeiros, boscosos, mariños, sobre a repartición e a apropiación da terra e sobre os cambios suscitados no aproveitamento do territorio.

Esta particularidade que caracteriza a toponimia da illa convida a revisar a cronoloxía do seu poboamento. Sabemos pola documentación que en 899, cando deixou de ser propiedade rexia para pertencer á igrexa de Santiago, contaba cun templo (Lucas Álvarez 1998: 73) e en 1283, a esa altura nas mans de San Paio de Antealtares, era produtora de carne (Andrade Cernadas 1997: 90). Isto demostra unha ocupación alto e pleno medieval, aínda que descoñecemos até que punto estábel, tendo que ter en conta como mínimo as interrupcións na ocupación resultado de invasións sarracenas no século XI, que chegaron a fixar a súa base en Sálvora tal como relata a *Historia Compostelá* (Falque 1995: 245, 340). Con data de 1321 aparecen por primeira vez na documentación os Mariño (familia con casa solar en Goiáns, á que a Sálvora ficaría ligada durante séculos), recibindo do mosteiro de Antealtares en foro unha serie de territorios entre os que se encontraban o casal de Carreira e a metade de Sálvora (Vázquez Lijó 2012: 22-24). O contrato foise renovando até que, a finais do XV ou comezos do XVI, deixou de se lle recoñecer o dominio á dita comunidade relixiosa (xa fusionada con San Martiño Pinarío) e se incorporaron perpetuamente estes dous territorios á casa nobiliaria; un cambio de mans que, segundo Fernández Pazos, se debería "á desidia do Cabido" (1998: 30). No entanto, o principal período de despoboamento de Sálvora do que temos certeza non comezaría até 1636, tras un ataque corsario no que foi capturado o arrendatario da illa, Bartolomé Martínez *El Salvadorero*, xunto coa súa familia e criados, os únicos habitantes da mesma (Vázquez Lijó 2012: 37). Durante dous séculos Sálvora estivo deshabitada, e só a partir de ben entrado o XIX se asentou alí unha nova comunidade estábel, esa que abandonou a illa definitivamente a mediados do século pasado e a cuxos últimos membros tivemos a sorte de entrevistar.

Isto ten unha enorme relevancia desde o punto de vista toponímico, especialmente se temos en conta que a meirande parte dos topónimos galegos que chegaron a nós son, cando non anteriores, dos séculos de plenitude feudal (XI-XIII). Nesa etapa na que a expansión económica e agrícola transformaron o modelo de poboación e de aproveitamento do campo (Portela / Pallares 2007) aparecen por exemplo os *Vilar*, *Campos*, *Casal novo* ou *Vilanova* que tanto se repiten ao longo da xeografía galega e portuguesa (Matosso 1989: 76-77). Sálvora non tivo continuidade desde ese período como territorio habitado. E se nos enganásenos e, contra os datos que actualmente posuímos, si albergara unha poboación estábel da que non temos constancia, a toponimia que esa comunidade creou non parece ter chegado até nós. Por iso, os nomes do interior de Sálvora son na súa maioría os nomes do litoral de Sálvora.

Cando os colonos de Carreira se instaloron no século XIX estaban ocupando un territorio cuxo perímetro e espazo marítimo levaban traballando e nomeando intensamente por séculos. Non hai indicios para pensar que os veciños interromperan a explotación do mar que bordea a illa até que no século XVIII comezou a xurdir con forza a industria vinculada ao mar. Precisamente, cando en 1790 o titular da casa de Goiáns recibiu o permiso para instalar unha almadraza de atúns que incluía o uso en exclusividade de catro leguas á redonda de Sálvora (Fernández Pazos 1998: 31) os mariñeiros comezaron un preito que duraría unha década. Liderados polo seu párroco, o liberal Manuel Acuña e Malvar, os de San Paio puxeron todas as súas enerxías nese litixio, do que se conserva numerosa documentación e que finalmente derivou non só na recuperación dos dereitos sobre a superficie de pesca senón tamén na posibilidade de se asentaren na illa anos despois. Reparemos: durante centos de anos acataron non ocupar o territorio de Sálvora, aproveitándose dela só de xeito intermitente e irregular, mais no primeiro momento en que a explotación do mar que a rodea se puxo en cuestión iniciaron unha batalla frontal con todos os medios posíbeis. As súas prioridades estaban claras.

Xa que logo non é disparatado supor que cando os novos colonos se instaloron nun territorio que até aquel momento era un criadeiro de gando ou un couto de caza privado ao cal tiñan

prohibido o acceso, optaran por nomear a realidade ocupada con referentes dunha costa que coñecían á perfección e non aproveitando os nomes patrimoniais dunha primitiva comunidade medieval coa que non tiñan continuade ningunha. Isto explicaría que as áreas que dividen a illa leven nomes provenientes de topónimos costeiros.

Para alén disto, o feito de se tratar dun grupo de persoas pequeno e procedente do mesmo lugar, que ocupaban ademais a única aldea desde a que se explotaba un terreo de dimensións considerábeis, podería acentuar este proceso de fixación dos topónimos que ante nós aparenta pouco menos que simplista. En realidade é pura lóxica; se todos sabían que aló no sur só había un muíño e que ese muíño estaba preto da enseada chamada *Candabade*, o práctico era chamarlle *O Muíño de Candabade*. Pois así mesmo con leiras, camiños, pedras, piñeirais ou calquera outro elemento. Non houbo tempo para eses nomes evolucionaren, mudaren ou se mesturaren, nin tiveron motivos na súa vida cotiá para complicarse máis. Non é a toponimia do minifundio milenario; é a toponimia dunha illa ampla, pouco poboada e dividida en grandes parcelas para a súa mellor explotación.

Nin sequera os campos de labranza, que habitualmente posúen topónimos con formatos diversos e múltiples orixes, teñen denominacións individuais. Adquiren tamén nomes referenciais: *As Leiras da Cova de Dentro*, *As Leiras de Cova de Fóra*, *As Leiras do Curro*, *As Leiras de Candabade de Riba*, *As Leiras de Candabade de Baixo*, *As Leiras da Cachada*, *As Leiras da Perna do Prado*, *As Leiras do Espiño* ou *dos Espiños*, *As Leiras da Volta*, *As Leiras do Milreu*, *As Leiras da Zafra*, *As Leiras das Gralleiras*, *As Leiras de Vixán de Baixo*, *As Leiras do Con de Riba* e *As Leiras do Con de Baixo*. Cando os informantes se refiren a elas noméanlas en plural, tal como acabamos de enumerar, como unha zona ou un conxunto de leiras, mais ás veces eliden “as leiras de” e manteñen só o topónimo base, especialmente cando xa se dá por entendido que se refiren ao espazo de cultivo e non, por exemplo ao *Alto do Curro* ou á pedra costeira chamada *O Espiño*.

Nalgún caso coma o das *Leiras da Cachada*, que hoxe están parcialmente ocupadas por un arboredo, o nome das leiras non se repite para ningún outro elemento. Aproveitamos entón para lles preguntar aos informantes “que é *A Cachada*?”, en singular, esperando atopar un xenérico que definise cunha soa palabra un espazo tan ben identificado. Máis a resposta era sempre en plural: “son *unhas leiras* que hai alí, *As Leiras da Cachada* chámanlle”. O nome, entón, perdeuse, porén as súas descrições e a revisión do territorio desvelan que estes conxuntos que eles chaman as leiras de aquí ou de alá non son nin máis nin menos que *agras*⁷.

O sistema tradicional de *agras* consiste na organización do territorio en bloques ou conxuntos de terras cultivadas, cun peche exterior e divididas no seu interior en parcelas ou leiras abertas. Na maioría do concello de Ribeira está perdido agás precisamente na toponimia fosilizada, porén en Sálvora consérvase tan claramente que se fai visíbel cun simple paseo ou cunha ollada atenta á fotografía aérea. Os conxuntos de leiras dos cales falan os informantes estaban rodeados de cadansúa muralla de pedra, conservadas a día de hoxe na súa maior parte, que as diferenciaban do resto do terreo a monte e prados polo que os animais andaban ceibos. O interior de cada agra repartíase en partes proporcionais entre as sete familias da illa. A maiores, preto da aldea había algunhas leiras de tamaño máis pequeno e con propietarios individuais, que cumprían a función de horta, algo habitual neste modelo.

Así, Sálvora como espazo habitado e traballado amosa as tres partes esenciais do asentamento rural clásico herdado do mundo romano: unha aldea concentrada, a *villa*, no seu día pechada cunha cancela e organizada de xeito regular arredor dun curral central, con algunhas hortas anexas para verduras e árbores froiteiras e espazos como brañas e canais; unhas *agras* de gran tamaño, o *ager*, rodeadas polas súas murallas e dispersas por toda a xeografía da illa (mesmo no monte máis alto, *As Gralleiras*, había unha agra) e o terreo a monte, o *saltum*, con algunhas plantacións de árbores para leña, campos para pastaren os animais e zonas pedregosas de nulo aproveitamento.

A maiores de todo isto, no interior de Sálvora aparecen por suposto algúns nomes puntuais, nomes que non levan o xenérico e unha frase preposicional que os sitúa nunha das áreas. En moitos casos trátase de elementos de uso cotián que ou son os únicos na illa ou son o máis rele-

⁷ Nouttras zonas de Galiza ademais de *agra* utilízanse xenéricos diversos como *veiga*, *praza*, *chousa*, *barbeito* ou *vilar*, mais non recollemos nesta pescuda ningún deles.

vante entre a súa clase: *A Cancela, O Curral, O Río, A Paneira*⁸. Noutros, trátase de singularidades que destacan por algún motivo, como *A Pedra das Letras*, da que se di que antes de romper tiña petróglifos, ou *O Eiteiro das Bestas*, que se ergue ben visíbel no medio dos *Campos de Lagos*, o terreo máis amplo e menos pedregoso dedicado para pastos. A transparencia de boa parte dos nomes dá para pensar que ocorre o mesmo con outros topónimos e que por exemplo *O Curro*, onde os informantes non lembran facer ningún curro, pode remitir con certa seguridade á realización en tempos pasados desa actividade⁹. Na pedregosa cima do *Milreu*, un pequeno monte anexo ao perímetro da aldea e perfectamente visíbel desde Carreira e Aguiño, atópanse restos de materiais calcinados que parecen corroborar o relato dos nativos, que aseguran que cando precisaban mandar un aviso prendían alí unha fogueira¹⁰. Este topónimo amósanos, unha vez máis, a configuración do espazo de Sálvora en relación co continente.

É digno de mención o topónimo *O Castillo*, recolleito sempre en castelán. A xente de menor idade tende a asociar este nome co edificio conserveiro que, unha vez despoboada a illa, o novo propietario reddecorou con ameas buscando un aspecto de fortificación. No entanto, a denominación tradicional para esta construción é *O Almacén*, que se utiliza tamén para a praia á beira da cal se asenta, *A Praia do Almacén*. *O Castillo*, que corriximos para o PTG como *O Castelo*, é un topónimo anterior á modificación do edificio e denomina unha escarpada punta no sueste da illa, que protexe o recollido porto e que por casualidade non se atopa lonxe do nomeado edificio conserveiro. Aínda que non sabemos de vestixios materiais, non sería descartábel pensar que sexa unha reminiscencia dalgún tipo de construción defensiva¹¹ desaparecida tendo en conta o convulso pasado da illa, non exento de episodios bélicos¹². Fica esta cuestión para futuras investigacións.

3.2. Os topónimos mariños e as súas temáticas

Na recolleita dos topónimos mariños que rodean Sálvora conseguimos unha maior abundancia de resultados con respecto ao interior da illa, tanto en termos proporcionais como absolutos. Porén, non podemos pasar por alto os dous fenómenos que entrañaron maior complexidade no medio do proceso de recolleita dos nomes mariños.

A primeira singularidade reside en que algúns elementos reciben nomes diferentes segundo a procedencia do informante. Non estamos ante un fenómeno infrecuente neste ámbito, porén chama a atención polo reducido da área de orixe dos entrevistados e por non se tratar de idiolectos ou variacións fonéticas, senón de diferenzas ben definidas e compartidas por grupos de persoas. Os mariñeiros cos que traballamos proceden dos portos de Aguiño e Castiñeiras, que son os máis próximos a Sálvora e distan menos de 2 km entre si. A maiores da proximidade, ambos formaron parte da parroquia de Carreira até a segunda metade do século XX, polo que os vínculos familiares, sociais e mesmo lingüísticos entre os habitantes das tres localidades resultan indubidábeis¹³. Así e todo os mariñeiros dos dous portos utilizan algunha toponimia de xeito diferente.

En Aguiño teñen ben claro, por exemplo, que as perigosas pedras mariñas da zona do suroeste de Sálvora se chaman *A Pagal, A Pagaliña* e *O Corviño* (de suroeste a nordeste), mentres que para os de Castiñeiras son *A Pagal, A Filla da Pagal* e *A Pagaliña*¹⁴. Isto non é unha diferenza menor, pois implica que dependendo do informante *A Pagaliña* pode dar nome a dúas pedras

⁸ É unha grande eira comunal de bloques graníticos que foi desenterrada e recuperada recentemente.

⁹ O testamento do dono de Sálvora en 1751 di o seguinte: "Y asimismo hize el muelle, curro y pozos de agua en la Ysla de Sálvora para los ganados el año pasado de quarenta y ocho con el curro que también mandé fabricar para el embarco de ellos a la orilla del mar en el mi coto y jurisdicción de Carreira que la frentea..." (Vázquez Lijó 2012: 158).

¹⁰ Para afondar neste tema ver Sánchez Pardo (2014).

¹¹ Sobre as fortalezas medievas costeiras no occidente de Galiza ver Andrade Cernadas (2004).

¹² Cabeza Quiles (2006: 13) recolle en Ons un topónimo idéntico, *A Punta do Castillo*, tamén en español, e coma no noso caso considera que é probábel que aí houbera algún tipo de fortificación.

¹³ Nese momento o auxe da industria pesqueira acelerou o seu crecemento nestas dúas aldeas, o que culminou coa constitución de Aguiño como parroquia en 1959 —incluíndo a illa de Sálvora, xa en proceso de despoboamento—, e de Castiñeiras en 1967. As novas entidades recolleron case en exclusiva poboación da extensa e diseminada Carreira, que ficou desde ese momento sen peirao propio.

¹⁴ Eles mesmos son conscientes diso, de feito algún até o comentou abertamente: "estes son os nomes dos de Castiñeiras, se falas cos de Aguiño chámalle distinto".

distintas, unha na costa da illa e a outra a varios centos de metros mar a dentro. A explicación de asimetrías así podería residir no feito de que o porto de Aguiño ten a súa propia confraría, na que os mariñeiros do porto de Castiñeiras non participan, polo tanto uns e outros mariñeiros realizan o seu traballo de xeito independente. Deste xeito tería sentido o feito de que os entrevistados da Carreira actual, que si traballan vinculados á confraría aguiñense¹⁵, coincidan nas denominacións cos mariñeiros desta localidade, mentres que son só os de Castiñeiras, que non participan nese ámbito organizativo, os que utilizan nomes diferentes.

As persoas que navegan xuntas teñen que se referir constantemente aos mesmos elementos e, polo tanto, precisan nomes facilmente identificábeis. Mais a isto hai que lle sumar aínda outro factor. No oficio da pesca o coñecemento de determinados accidentes mariños pode carrexar un valor económico, polo tanto nalgúns casos mantéñense en segredo e transmítense de xeito corporativo ou até familiar. Tanto é así que algún entrevistado recoñeceu que, ao non comprender exactamente os fundamentos da recolleita, nas primeiras visitas gardaba á mantenta os nomes dalgunha zona de pesca para que ficasen ocultas e o seu aproveitamento ficase en mans dos seus fillos.

Nesta liña sería desexábel que algunha investigación futura recompilase os nomes que lle outorgan aos mesmos accidentes os mariñeiros da outra beira da ría. Pouco se sabe dos contactos dos habitantes de Sálvora coas xentes do Salnés, máis aló dalgún matrimonio puntual e das visitas que os mariñeiros realizaban á taberna da illa após pescaren nas súas augas, mais seguramente fose unha relación máis estreita do esperábel. Non debería sorprendernos que aí residise a resposta ao curioso feito de que boa parte dos hórreos de Sálvora sexan do tipo *Pontevedra* —mixtos de pedra e madeira—, coma na costa do Salnés, mentres que son minoría os que manteñen a tipoloxía de *Noia* —macizos de pedra labrada regular—, hexemónica no Barbanza (Martínez Rodríguez 1975).

Por outra banda, a segunda das particularidades consiste en que as habituais variacións fonéticas entre informantes (Feijoo Ares 2007) revisten maior dificultade ao se lles sumar a xa nomeada deturpación e incorrección das fontes escritas de carácter marítimo. Así, por continuarmos cun exemplo xa coñecido, o caso da *Pagal* non só se complica polos diferentes nomes das pedras que a rodean. Haille que engadir os matices na pronunciación que ás veces son difíciles de identificar [*a paghal / a paghar / a paghara / a apaghal / a apaghar*] e o feito de que as cartas e mapas consultados non axudan, ao chamarlle dun xeito deturpado e non ouvido de ningún informante: *Piedra de Lapegar*. Non en todas as ocasións aparecen problemas deste calibre —nese caso a realización do traballo sería difícil—, mais o caso da *Pagal* e os elementos que a rodean serve para ilustrar os problemas que, en menor medida, se repetiron tamén con outros topónimos.

Ao analizarmos con detalle os documentos escritos, chama especialmente a atención o caso do topónimo *Brisán*, que aparece en case todas as fontes consultadas (catastro, mapas do IGE, cartas náuticas, bibliografía) e con diversas formas (*Punta de Brisán*, *Punta de Brisan*, *Laxes de Brisán*, *Punta Brisán*), e que ningún informante recoñeceu, nin sequera logo de lles preguntarmos explicitamente. Malia a reiteración das fontes, semella haber nelas certa confusión á hora de situar o topónimo na pedregosa costa sueste da illa. Xúntanse alí dúas pequenas puntas que o catastro denomina *Salgueiriño* e *Brisan*, e o mapa do IGE *Brisán* e *Salgueiriño*, lendo de leste a oeste. Os informantes, pola súa banda, coinciden en chamarlles *A Salgueiriña* e *Paramos*. Ademais, segundo algunha informante, *A Salgueiriña* convive co segundo topónimo de *A Figueiriña*, o que podería provocar a confusión coa próxima *Punta Retornada*, que os mapas do IGE chaman equivocadamente *Figueiriño*. Por outra banda ás *Laxes de Brisán*, como aparecen no mapa do IGE, noméanas *As Langostreiras*.

O enleado da situación e as numerosas incorreccións e incoherencias dos mapas e o catastro farían pensar que se trata dun erro que se foi reproducindo dunhas fontes a outras, mais non podemos descartar que *Brisán* sexa un topónimo orixinario porén xa morto na oralidade —ou cando menos nos informantes aos que tivemos acceso— e que se mantivo só nas fontes escritas. Outra posíbel hipótese, que tampouco tivemos a capacidade de comprobar, é que se trate dunha mala transcripción do topónimo *Vixán de Baixo*, tamén presente en Sálvora e que polo fenómeno de despalatalización dalgunhas persoas nativas pode ter certa semellanza con

¹⁵ De xeito oficial chámase aínda *Confraría de Pescadores Carreira - Aguiño*.

*Brisán*¹⁶. Porén, *Vixán de Baixo* non nomea un accidente costeiro, senón unha agra e un camiño notabelmente afastados da zona onde a documentación sitúa *Brisán*.

Moitos dos nomes do mar teñen unha orixe incerta e un significado descoñecido para nós, porén tamén hai algúns que remiten a realidades identificábeis e que traducen unha interesante análise do medio e da natureza, tal como estudaron Rodríguez / Vilar (2006: 45-46) no seu traballo sobre a costa sur de Galiza. Basearémonos na súa clasificación para pór algúns exemplos representativos das temáticas recorrentes.

Talvez os topónimos máis transparentes son os que resultan da descrición dunha característica o bastante representativa como para ficar fixada como nome do lugar:

- Pódese tratar da cor: *As Pardiñas, O Vermellón de Sagres, Conle Mouro, A Laxa Negra, O Vermellón do Cagavoteiro, Os Pardóns*¹⁷, *O Eiteiro Vermello*.
- Do son que producen ao bater o mar: *O Roncoso, Os Fornos*¹⁸, *Os Asadoiros*.
- Ou da súa forma ou aspecto: *A Gallada, A Larga, Os Agudos, As Tres Fendas, A Insua Grande, A Forcadiña, a Areamesa, A Insua Longa, A Pedra da Meda*.

Hai moitos que non só describen, senón que demostran unha interpretación particular e remiten a aspectos diversos da realidade que por un motivo ou outro se vinculan ao elemento nomeado. Os elementos naturais ocupan un lugar preeminente:

- Os zootopónimos son moi frecuentes e responden a diferentes motivos e contextos. Ao se tratar dun espazo de pesca, a abundancia de peixe e marisco fixou numerosos nomes: *A Poza das Ameixas, A Centoleira, O Buraceiro, As Langostreiras, Besugueiros, A Pedra do Sargo, A Reboliceira, O Petón dos Buraces, As Curvinas, Mar de Pateiros, Os Melgachos*. Tamén a presenza de aves foi digna de mención: *A Punta da Zarceta, O Cagavoteiro*¹⁹, *A Praia das Pímulas, O Falcoeiro*. Outras pedras presentan aspecto zoológico, como *O Cabalo da Forcadiña ou O Porco de Sagres*. Aínda que nalgúns casos se poidan intuír, os motivos da escolla dalgúns nomes de animais non son unívocos: *A Area dos Bois*²⁰, *O Eiteiro das*

¹⁶ A informante da que recollemos o topónimo *Vixán de Baixo* pronunciaba [bisán de baixo], mais optamos pola normativización na forma *Vixán* porque nas súas indicacións especificou que era o mesmo nome que a lagoa, en referencia á *Lagoa de Vixán*, en Carreira. Ademais deste elemento natural rexístranse nesa parroquia *Vixán* como aldea e *Montevixán* como lugar. Segundo Cabeza Quiles (2000: 355) estes dous topónimos proceden do acusativo *Vigilanem*, de (*villa de*) *Vigilanem*, por referencia a un terratenente medieval co nome xermánico *Vigila*, mentres que Martínez Lema (2010: 120), pola contra, relaciónaos co xenitivo *Busiani*, do nome propio *Busianus*, o que os vincularía con topónimos galegos como *Buxán* e portugueses como *Bujão* e mesmo *Vijão*, aínda que para o noso caso non se dispoña da documentación que o certifique. Ambas as teorías coinciden, iso si, na orixe antroponímica.

¹⁷ No caso dos topónimos *As Pardiñas* e *Os Pardóns*, que optamos por explicar como derivacións do adxectivo “pardo”, non debemos excluír unha interpretación alternativa a partir do substantivo “pared”, tal e como acontece con outros moitos topónimos deste xénero existentes no resto do territorio galego (parediñas > *Pardiñas*, paredóns > *Pardóns*). Agradecemoslle o comentario a un dos revisores anónimos do traballo.

¹⁸ A idea de que *Os Fornos* poden ter relación coa acción violenta e ruidosa do mar tomámola de Vilar (2008: 77) e de Rodríguez / Vilar (2006: 45).

¹⁹ Tamén recolleito como *Can Gavoteiro* e nomeado nas fontes escritas mesmo como *Illa Gavoteira*. *O Cagavoteiro* é a forma máis frecuente.

²⁰ Sobre o topónimo *A Area dos Bois* recollemos dúas etimoloxías populares. A primeira delas sostén que o nome ten a súa orixe nos bois que os habitantes da illa posuían para os labores agrícolas. Esta praia era a máis próxima á aldea e servía de punto de partida e chegada das viaxes (o porto, no outro extremo da illa, daba servizo preferentemente ao faro e á nave conserveira), polo que alí se pousaban as mercancías que logo os animais debían cargar até o pequeno grupo de casas. Segundo esta versión, os bois, afeitos a faceren tal percorrido, volvían teimudos á praia cando os soltaban para pastaren libremente pola illa, creando unha curiosa estampa que remataría por identificar o areal. O segundo relato considera, pola contra, que os “bois” que dan nome á praia eran o gando que os campeseiros levaban en dorna desde o continente á illa a aproveitar os pastos. Tal hipótese coincidiría con certa documentación moderna que dá fe do aproveitamento ilegal da illa por parte de veciños de San Paio de Carreira polo menos desde o século XVI (Fernández Pazos 1998: 30).

Até hoxe, non temos maneira de saber canto hai de certo na influencia destes relatos na creación do topónimo. Probablemente o correcto sería atérmonos a interpretacións máis prosaicas; como sinala Cabeza Quiles (2008: 110) o termo “boi” nomea de xeito “frecuentísimo” penedos terrestres ou marítimos ao longo de toda Galiza. No entanto, este autor non descarta por defecto a posibilidade de estes casos seren zootopónimos. No caso da *Area dos Cans*, na Illa de Ons, que podería vir da raíz *can*, pedra, valora que o nome da praia se debe á presenza noutro tempo de grupos de cans procedentes dalgún lugar poboado próximo (Cabeza Quiles 2006: 13).

*Bestas, O Furado das Pombas, O Corviño, Piollosa, O Galo de Vionta*²¹, *O Salto da Cabra, Lontreiros, O Galo da Bicha.*

- Tamén se recollen varios fitotopónimos: *Xunqueira, A Salgueiriña, A Figueiriña, Os Espiños, A Herbosa, A Figueira das Cabanas.*

A referencia ao ser humano e á súa acción sobre o espazo aparece de diferentes maneiras:

- Por unha banda a xeito de antropónimos, que talvez nos falen de quen descubriu un espazo de pesca ou do protagonista dalgún accidente ou anécdota: *Xan Ferreiro, O Candagosto*²², *A de Arcos, Bieite Pérez, Os Baixos da Inasia, O Baixo do Manilo.* Ademais, algúns nomes fálannos de persoas, aínda que sen nome propio, como *A Insua das Mulleres* ou *O Eiteiro do Abuelo*, e noutros, probablemente pola súa aparencia, o corpo humano constitúe a fonte básica da metáfora (somatónimos): *As Mos de Vionta, As Mos do Carreiro, As Queixadas, Os Canteiros.*
- A navegación e o papel que desempeñaban os accidentes mariños no seu normal desenvolvemento tamén se fixaron: *O Traito, O Carreiro Falso, A Mansa, O Trancoeiro*²³, *O Carreiro do Inferniño, Por Onde Non Pasou Dios, As Rofegas.* A memoria dos naufraxios encárganse de lembrar o perigo dalgunhas zonas: *Santa Isabel, Onde Embisteu o Pialla*²⁴.
- Outros fan referencia a artes de pesca e ferramentas: *As Tanconas, A Insua dos Caldeiros, O Billote, O Eiteiro do Tablón, O Eiteiro da Escala, O Lavadero, Os Alastres, A Laxa do Embude, O Eiteiro do Pau.* Outros a algúns tipos de embarcacións: *A Carabela, A Pinaza, A Galera.*
- Algúns nomes lembran que tamén había diversión nun mundo tan duro: *A Pedriña de Esparar*; e outros deixan voar a imaxinación e remiten mesmo á escatoloxía: *O Cagalloto / O Caralloto, O Conle da Mexadeira / Mexareira.*

Un bo número de topónimos nomea outros elementos da realidade escolleitos por diversos (e en ocasións escuros) motivos. Nalgúns casos, aínda que a palabra utilizada é sobradamente coñecida, non fica claro o significado que asume en cada topónimo. *As Rabudas*, por exemplo, probablemente sexa un zootopónimo relacionado con esa especie de peixe, mais tamén podería remitir á súa perigosidade na navegación. *A Insua dos Cativos* a primeira vista semella referir a meniños, mais o certo é que na zona a palabra “cativo” non ten a acepción de “neno” senón que é un adxectivo que significa ‘feo’ ou ‘de mala calidade’ que pode ter a ver co peixe ou o marisco. *Os Cabaceiros* parecen falar de hórreos, aínda que é o máis verosímil é que teñan que ver co termo “cabezo”, é dicir, ‘cume redondeado’, o que coincide coa súa forma²⁵ e coa documentación na que se recollen como *Cabeceiros*. *O Petón do Mouro* tanto pode ser un antroponímico, como cuestión de cor, alusión á figura da mitoloxía popular ou un topónimo tautolóxico no cal *mouro* remita ao coñecido litónimo prerromano *mo(u)r-*.

3.3. Os xenéricos locais

En liñas xerais, os xenéricos marítimos espállanse por toda a costa galega mantendo similitudes e termos comúns. Aínda que non fixemos un traballo centrado neles, a recompilación de topóni-

²¹ É importante marcar a diferenza entre os topónimos *Galo* ou *Galos*, que adoitan ser pedras destacadas en altura ou mesmo ter que ver cos corvos mariños (Cabeza Quiles 2000: 197), e os topónimos *Gallo*. Lonxe de se tratar dunha castelanzación, o termo “gallo” fai referencia a obxectos que teñen unha bifurcación e os topónimos que inclúen esta palabra ou derivados da mesma acostuman ter forma de forca.

²² Un dos informantes chamoulle *O Conle Agosto* e nas cartas mariñas aparece como *Con d'Agosto*, polo que nos decantamos pola interpretación antroponímica. *O Candagosto* é a forma máis frecuente.

²³ Fai referencia a este topónimo o testamento do señor de Goiáns en 1751, explicándoo en relación coa tradición popular: “...en la orilla del mar en el mi coto y jurisdicción de Carreira que la frentea, de quien la dibidió la furia de aquellos mares, abriendo un boquerón que llaman el Trangoeiro, separando la dicha Ysla en la forma que oy existe de el antiguo puerto de Aguiño en Carreira, que era y fue de esta casa por los años de mil quatrocientos y quarenta y nueve hasta que posteriormente lo sepultaron y sumerjieron las aguas según la tradición común...” (Vázquez Lijó 2012: 158).

²⁴ Existe sobre este acontecemento unha cantiga: “En el medio de la mar / hai una piedra picada / que a picou o Salero / coa proiña do Pialla”. Foi recolleita por Sonia García Vidal e gárdaa no seu arquivo persoal, agradecemoslle que nola facilite.

²⁵ Aínda que segundo Rodríguez / Vilar (2006: 50) os cabezos adoitan estar somerxidos, *Os Cabaceiros* dos que nós falamos son de gran tamaño e nunca están cubertos polo mar.

mos facilitounos o coñecemento dos principais e evidenciou algunhas particularidades da zona. Vexamos algúns casos.

O xenérico *area* é a voz patrimonial galega equivalente a *praia*, unha palabra moderna que o galego debeu tomar do castelán, como apunta Cabeza Quiles (2006: 13). Consérvase fixado só no topónimo *A Area dos Bois*, mais mantén vivo o seu significado ao non se usar en ningún caso *A Praia da Area dos Bois*, que soaría neste caso redundante. Unha situación semellante é a de *illa*, que se utiliza en ocasións, especialmente acompañando un topónimo (*A Illa de Sálvora*), pero que está en franco retroceso na fala espontánea fronte ao termo español *isla*. Non ocorre así con *illote*, que si se mantén en pleno uso. O xenérico *fisga*, co sentido de fenda na pedra, habitualmente acubillo de mariscos, é moi utilizado aínda que non forma parte de ningún topónimo. Pola contra, a propia palabra *fenda*, da que non se testemuñou uso espontáneo, si se mantén nun topónimo: *As Tres Fendas*.

Un dos xenéricos máis frecuentes que atopamos na costa galega é *con*, que aparece con frecuencia na Ría de Arousa (Rodríguez Rodríguez 1979) e se recolle tamén noutras áreas de Galiza (Rodríguez / Vilar 2006). Martínez Baleirón (2007: 387) recolle tamén na lista de xenéricos da costa de Ribeira. Non entanto, nós consideramos que non se trata dun xenérico propio da zona, ou cando menos non deste extremo sur do concello. Nunha entrevista cun informante de moi avanzada idade e de mente lúcida ocorreu unha anécdota que nos orientou. Entre explicacións e historias xurdiu o xenérico *conle*, polo cal preguntamos con curiosidade, ante o que o fillo do entrevistado, que nos acompañaba, interrompeu explicando que *conle* era un erro que cometían os vellos, que estaba mal dito, que o correcto era *con* e que así viña recolleito nas cartas. O pai retrucou, “aquí *con* nunca se dixo”. De novo o fillo, ante a miña sorpresa, e convencido de que me estaba axudando a non recoller unha información errada, tentou explicar que certamente *con* era unha palabra máis frecuente no outro lado da ría e que aquilo había preferencia por dicir *pedra* (que é un hiperónimo que engloba calquera tipoloxía de elementos pétreos). Este episodio non só dá unha primeira pista de que o xenérico patrimonial poida ser *conle*, senón que tamén ilustra como funciona o proceso de substitución do vocabulario local por formas alleas.

A explicación do vello informante coincidiu cos resultados da recolleita, entre os que atopamos até nove topónimos que integran o xenérico *conle*: *O Conle da Mexareira / Mexadeira*, *O Conle da Gallada*, *O Conle da Area dos Bois*, *O Conle da Zafra*, *O Conle de Noro*, *O Conle Vieiras*, *Conle Mouro*, *O Conle de Suafonte* e *O Conle da Perna do Prado*. Pola contra, só demos con dous que inclúsen a palabra *con*, *As Leiras do Con de Riba* e *As Leiras do Con de Baixo*, nas que ademais non funciona como xenérico de pedras mariñas senón como complemento de senllas agras. Consideramos entón que o xenérico local para as pedras mariñas rodeadas completamente de auga, nunca cubertas polo mar e preferibelmente de forma redondeada é *conle*.

Ora ben, si se rexistran algúns topónimos que inclúen o lexema *can-*, concretamente: *O Cangavoteiro*, *O Candagosto* e *Candabade*. Segundo Cabeza Quiles (2008: 147) estas palabras proceden da forma preindoeuropea *cant*, ‘rocha’, e comparten etimoloxía con topónimos como *O Cantábrico*, con palabras como *cantil* (acantilado) ou *canto* (pedra redonda) e con xenéricos como *con* ou, engadimos nós, *conle*. Os tres topónimos nomean pedras que responden á perfección ás características do xenérico *conle* e, de feito, para *O Candagosto* recolleuse o segundo topónimo de *O Conle Agosto*. Destes topónimos comezados por *can-* tamén dan fe no sur de Galiza Rodríguez / Vilar (2006) e Vilar (2008) con topónimos como *Can Cagado* ou *A Pedra do Can*.

Diferentes xa dos conles son os *petóns*, xenérico que tamén recollen Martínez Baleirón (2007) e Rodríguez / Vilar (2006). Aínda que esta forma si se encontra viva e foi frecuente nas entrevistas, recollemos ademais unha outra variante local, *petoucos*, presente exclusivamente nos informantes de maior idade. No entanto, esta non se reflicte nos topónimos, que manifestan exclusivamente a forma *petón*: *Os Petóns da Insua Grande*, *O Petón de Lagos*, *O Petón da Insua Bela*, *Os Petóns da Reboliceira*, *Os Petóns da Centoleira*, *O Petón do Mouro*, *O Petón dos Buraces*, *O Petón do Medio* e *Os Petóns dos Destos*. Trátase de pedras que son cubertas polo mar ou non segundo o nivel da marea, contra as que o mar bate e se arremuíña como consecuencia desta situación intermedia.

Para as rochas que presentan unha superficie marcadamente lisa o xenérico que se utiliza é *laxa*: *A Laxa do Embude*, *A Laxa Negra*, *As Laxas*, *A Laxa do Cangavoteiro*, *A Laxa da Insua Bela*, *A Laxa das Barqueiras*, *A Laxa da Forcadiña* e *A Laxa de Sentensián*. A variante *laxe*, presente en

toda Galiza e mesmo nalgúns topónimos do concello de Ribeira²⁶, non a rexistramos nin como xenérico nin fixado en ningún topónimo.

Outro xenérico de pedra mariña é *touza* que se refire a pedras sempre cubertas polo mar aínda que non necesariamente a moita profundidade e que adoita servir de bancos de pesca. Forma parte dos seguintes topónimos: *A Touza da Areamesa*, *A Touza do Ferro*, *As Touzas de Sur de Sagres*, *A Touza da Cova*, *As Touzas da Pagal* e *As Touzas de Leste da Pagal*. Sinónimo de touza é *baixo*, malia que algún informante matizou que as touzas nomean pedras individualizadas e os baixos poden ser conxuntos ou mesmo espazos máis amplos. Rexistramos tres exemplos: *O Baixo das Pezas*, *Os Baixos de Inasia* e *Os Baixos do Manilo*. Descendendo un paso máis o xenérico que atopamos é *fanequeira*, que remite, neste caso si, a pedras profundas que dan acubillo a peixes que viven lonxe da superficie, como é o caso das propias fanecas. É usado de xeito habitual mais apenas se ve reflectido na toponimia: *As Fanequeiras de Noro*.

Eiteiro é un xenerico ben coñecido na zona, porén non ten só carácter mariño senón que tamén ten presenza na illa e no continente. Nomea unha pedra de gran tamaño, que destaca en altitude entre as que a rodean e que está descuberta (de mar ou de terra) na súa práctica totalidade: *O Eiteiro do Pau*, *O Eiteiro da Cova*, *O Eiteiro da Perdiz*, *O Eiteiro das Bestas*, *O Eiteiro Vermello*, *O Eiteiro do Tablón*, *O Eiteiro da Escala* e *O Eiteiro do Abuelo*. Nalgún lugar do concello de Ribeira normativizouse o topónimo *O Eiteiro* en *O Outeiro*, atopándose en franco retroceso a forma patrimonial.

Non só a presenza de pedras senón tamén a súa ausencia ten como resultado o uso de xenéricos. Un deles é *carreiro*, que ten o sentido de atallo para as dornas, sendeiro entre espazos pedregosos que se podía recorrer con seguridade. Contamos cos seguintes exemplos: *O Carreiro da Galera*, *O Carreiro da Insua Grande*, *O Carreiro Falso*, *O Carreiro do Inferniño* e *O Carreiro Ancho*. O topónimo *O Carreiro*, en Aguiño, nomea actualmente unha longa fila de pedras que parten da costa e parecen sinalar Sálvora, no primeiro tramo das cales se construíu un paseo. Malia que o significado da palabra *carreiro*, como 'camiño', 'vía', parece indicar que a súa orixe é esa aparencia de sendeiro que se interna no mar²⁷, algúns mariñeiros sostiveron a teoría de que o nome vén en realidade dos dous carreiros, ou pasos, que permitían a auga e as embarcacións pasar entre as moles de pedra. Eses carreiros están hoxe cubertos por dúas pontes que permiten continuar o paseo e que se converteron pouco menos que en símbolos da parroquia. Co mesmo sentido que *carreiro* se utilizan tamén *pasantía* e *paso*, aínda que só sobreviven fixados en dous topónimos: *A Pasantía das Caiñas* e o redundante *O Paso do Carreiro*. O xenérico *poza* tamén se usa para un espazo libre de pedras, mais non por servir como paso senón por constituir un espazo resgardado e habitualmente refuxio de animais: *A Poza das Ameixas*.

4. CONCLUSIÓNS

Expomos a continuación algunhas das conclusións ás que chegamos após a finalización do traballo:

- A documentación de que se dispón sobre a toponimia de Sálvora, ao estar a illa deshabitada e ter un único propietario, non procede de rexistros ou fontes administrativas, que adoitan estar até certo punto actualizadas. Só contamos con cartas e planos de uso náutico e topográfico que presentan numerosos erros e deturpacións. Utilizáronse estes recursos de xeito orientativo e xeorreferencial, porén non se tomaron como modelos para a catalogación dos topónimos. Sería desexábel que as cartas marítimas e en especial os mapas do IGN tivesen en conta estudos toponímicos coma este para as vindeiras edicións.
- Para a recolleita da microtoponimia dun espazo coma este, que inclúe territorio (des)habitado e superficie mariña, o idóneo é conseguir informantes de diversos perfís. No noso caso entrevistamos mariñeiros, percebeiros e nativos e nativas da illa. Traballamos só con

²⁶ Descoñecemos se de xeito natural ou por un fenómeno de hipercorrección. En Carreira existe unha aldea de nome *Laxes*, porén a maior parte dos veciños da parroquia utilizan *Laxas* na fala espontánea.

²⁷ Esta interpretación do topónimo está en consonancia coa arraigada crenza popular de que Carreira e Sálvora eran unha única lingua de terra até que a forza do mar as dividiu (Lixó Gómez 2010). Esta lenda é mencionada en 1751 polo señor de Sálvora no seu testamento (ver nota 23) e en 1745 e 1754-55 por Frei Martín Sarmiento (Crujeiras 2007: 9-10).

informantes da zona, concretamente das parroquias de Aguiño, Carreira e Castiñeiras. Sería positivo en traballos vindeiros incluír mariñeiros do outro lado da ría. Máis complexa é a investigación futura con nativos, pois son poucos os que fican vivos e xa entrevistamos os que puidemos encontrar.

- Foron realizadas dúas entrevistas móbiles, unha percorrendo a pé o interior de Sálvora cun nativo e outra navegando arredor da mesma cun grupo de mariñeiros. O resto foron estáticas por causa da avanzada idade dos e das informantes e das complicacións que supón viaxar até a illa.
- Rexistráronse aproximadamente 250 topónimos mariños e 50 topónimos interiores.
- Os topónimos inventariáronse atendendo a criterios fonéticos e gardáronse nun ficheiro electrónico no cal se incluíron tamén outros datos de interese, como a tipoloxía ou a localización. Propúxose unha forma estándar de cada un deles para o PTG. Optouse por fixar o artigo no topónimo en todos os casos nos que apareza na fala oral sen excepción.
- Os microtopónimos do interior de Sálvora contrastan cos estudados no conxunto de Galiza: menos densidade, maior correspondencia dos nomes con realidades identificábeis e hexemonía de topónimos referenciais e dependentes doutros topónimos. Estamos entón ante unha toponimia simple, escasa e que traduce de xeito transparente as sinxelas instalacións e espazos nos que os nativos organizaban o territorio. A illa divídese en grandes áreas individualizadas por un topónimo, xeralmente tomado dun accidente mariño, que dá nome á maioría dos pequenos elementos que se atopan nas proximidades. Consideramos que esta situación é unha anomalía na toponimia galega, resultado de que o asentamento estábel na illa data do século XIX. Os colonos nomearon as zonas atendendo a elementos costeiros porque coñecían con maior detalle o espazo marítimo que o interior. A análise toponímica fálanos entón dun modelo determinado de ocupación do territorio.
- Esta particularidade ampara as teorías que entenden a toponimia como un sistema de representación máis que como un reflexo directo da realidade. Os resultados do traballo apenas falan de Sálvora dun punto de vista físico, mais si achegan importante información arredor de como foi a súa ocupación e explotación, de cal foi a relación dos homes e mulleres co medio e de que concepción tiñan estes do espazo que habitaron. A análise da toponimia, e especialmente da microtoponimia, confírmase como ferramenta útil para a lectura histórica da paisaxe.
- Os topónimos mariños, pola súa banda, si coinciden coa tónica xeral da costa galega. A densidade de topónimos recolleitos foi relativamente alta, como é de esperar nun espazo longa e intensamente explotado, e as principais complicacións na recolleita proviñeron das variacións fonéticas, das confusións coa documentación ou da multiplicidade de versións dependendo dos informantes.
- Aínda que boa parte dos topónimos mariños son opacos e de orixes incertas, algúns achegan información sobre os elementos que nomean. Recollemos referencias á forma, o son ou as cores dos accidentes mariños, referencias a animais e plantas, referencias antroponímicas, referencias ás vicisitudes da navegación e ás actividades pesqueiras e referencias a elementos diversos e aparentemente non relacionados co medio mariño. Aínda que algúns parecen transparentes no seu significado, convén sermos prudentes á hora de buscar etimoloxías.
- Catalogamos unha serie de xenéricos locais que xurdiron nas entrevistas. Boa parte deles son comúns a outras zonas de Galiza. Aínda así, perfílanse algunhas particularidades locais, como o uso de *conle* por *con* ou de *laxa* por *laxe*. Os xenéricos manteñen en ocasións palabras patrimoniais perdidas na oralidade e ilustran como se produce ese proceso de substitución. É o caso de *area* por *praia*.
- O caso de Sálvora evidencia a urxencia da realización de traballos coma este. En primeiro lugar porque manifesta con toda a súa crueza o drama da despoboación e o inmenso coñecemento que está para se perder de non intervirnos a tempo. En segundo lugar porque demostra que o estudo da toponimia é importante non como simple exercicio lingüístico senón como instrumento de coñecemento histórico, territorial e sociolingüístico.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Andrade Cernadas, José Miguel (1997): *El monacato beneditino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos XI al XIII)*. Sada: Edicións do Castro.
- Andrade Cernadas, José Miguel (2004): "La iglesia de Iria-Santiago, el mar y las fortalezas costeras de la Galicia medieval", en Vicente Almazán (coord.), *Padrón, Iria y las tradiciones jacobeanas*. Santiago de Compostela: Xerencia da promoción do Camiño de Santiago – Xunta de Galicia, 21-35.
- Cabana Iglesia, Ana (2008): "Lo que queda de las agras. La evolución del paisaje agrario en Galicia: A Terra Chá (1954-1968)", *Ager. Revista de estudos sobre Despoblación y Desarrollo Rural* 7, 33-55.
- Cabeza Quiles, Fernando (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia: Toxosoutos.
- Cabeza Quiles, Fernando (2006): "A toponimia da illa de Ons", *Aunios* 11, 11-15.
- Cabeza Quiles, Fernando (2007): "A toponimia da illa de Ons II", *Aunios* 12, 57-61.
- Cabeza Quiles, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Cabeza Quiles, Fernando (2013): "Ons, a illa da auga", *Aunios* 11, 39-41.
- Crueiras Sampedro, Francisco Javier (2007): *Historia de Carreira*. Vigo: Cardeñoso.
- Falque, Emma (ed.) (1995): *Historia Compostelana*. Madrid: Akal.
- Feijoo Ares, Vicente (2007): "A toponimia nas montañas do sueste ourensán", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: AGON, 773-780.
- Fernández Mier, Margarita (2006): "La toponimia como fuente para la historia rural: la territorialidad de la aldea feudal", *Territorio, Sociedad y Poder. Revista de estudios medievales* 1, 35-52.
- Fernández Pazos, Xosé María (1998): *Memoria dun naufraxio: A traxedia do Santa Isabel*. Ribeira: Coordenadas.
- García Bello, Jorge (coord.) et al. (2007): *Estudo da microtoponimia nas Mariñas lucenses e Ortegal*. Santiago de Compostela: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- Lixó Gómez, Carlos (2010): "Carreira e os vestixios do seu pasado", en Santiago Prado Conde (coord.), *Proceedings of the International Conference on Oral Tradition: Orality and Cultural Heritage. Ourense, November 11th., 12 th., 13th., 2010. Actas da Conferencia Internacional da Tradición Oral: Oralidade e Patrimonio Cultural. Ourense, 11, 12 e 13 de novembro de 2010*. Ourense: Concello de Ourense - Concellaría de Cultura, 97-102.
- López Boullón, Xosé Ramón et al. (2007): "Metodoloxía da enquisa toponímica: Materiais e procedementos", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: AGON, 753-765.
- López de Vargas Machuca, Tomás (1784): "Mapa Geográfico del Reyno de Galicia". Real Academia de la Historia, Biblioteca Digital. <http://bibliotecadigital.rah.es/dgbrah/es/consulta/registro.cmd?id=12678> [04/12/2015].
- Lucas Álvarez, Manuel (ed.) (1998): *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos e Cabildo de la S. A. M. I. Catedral.
- Marqués Valea, Xulia (2003): *A toponimia na escola. Guía para a recollida, catalogación e estudo dos nomes tradicionais de lugar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Martinelli, Bruno (1982): "Toponymie et société: contribution à l'étude de l'espace communautaire en Basse-Provence", *Études Rurales* 85, 9-31.
- Martínez Baleirón, Mónica (2007): "Aproximación á microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: AGON, 377-389.
- Martínez Lema, Paulo (2010): "A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do tomo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)". Tese doutoral. Santiago de Compostela: Universidade. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Martínez Rodríguez, Ignacio (1975): *El hórreo gallego*. Montevideo: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Matosso, José / Luís Krus / Amélia Aguiar Andrade (1989): *O castelo e a feira. A terra de Santa Maria nos séculos XI a XIII*. Lisboa: Estampa.
- Portela, Ermelindo / M^a Carmen Pallares (1998): "La villa, por dentro. Testimonios galaicos de los siglos X y XI", *Stvdia Historica. H^a Medieval* 16, 13-43.

- Portela, Ermelindo / M^a Carmen Pallares (2007): "Estruturas agrarias y cambio social en la Galicia de la Edad Media. Una propuesta de lectura histórica del paisaje", en Mercedes López Mayán / Carlos Galbán (coords.), *Del documento escrito a la evidencia material: Actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval*. Santiago de Compostela: Lóstrego, 37-54.
- Rodríguez Álvarez, Roberto / Xosé Lois Vilar Pereira (2006): "Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a Panxón", *Ardentía: Revista galega de cultura marítima e fluvial* 3, 41-54.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1976): *Hidrotoponimia de la ría de Arosa: Accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*. Santiago de Compostela: Seminario Fontán-Sarmiento de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia.
- Roselló i Verguer, Vicenç Maria (2010): "Toponimia, geografía y cartografía", en Xulio Sousa Fernández (ed.), *Toponimia e Cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 21-37.
- Sánchez Pardo, José Carlos (2014): "Sistemas de señales a larga distancia. Estudio de los topónimos 'faro', 'facho' y 'meda' en el noroeste peninsular", en Raúl Catalán / Patricia Fuentes / José Carlos Sastre (eds.), *Las fortificaciones en la tar-doantigüedad. Élite y articulación del territorio (siglos V-VIII d.C.)*. Madrid: La Ergástula.
- Teixeira, Pedro (1634): "Mapa da Ría de Arousa", en Alfredo Vigo Trasancos (dir.), *Os mapas da costa galega de Pedro Teixeira. 1634*. Consello da Cultura Galega. <http://www.culturagalega.org/imaxes/docs/teixeira.pdf> [04/12/2015].
- Vázquez Lijó, José Manuel (2012): *Luces sobre a casa de Goiáns no Antigo Réxime*. Boiro: Concello de Boiro.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Galicia. Da Punta do Caranguexo (Panxón, Nigrán) ó Regueiro da Gándara (Salcidos, A Guarda)*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.